

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL DA XUNTA DE GALICIA E A UNIVERSIDADE DA CORUÑA, PARA A REALIZACIÓN DO PROGRAMA “CORRESPONDENTES UNIVERSITARIOS”.

A Coruña, 13 de febreiro de 2017

REUNIDOS

Dunha parte, D. José Manuel Rey Varela, conselleiro de Política Social en virtude do Decreto 148/2016, do 13 de novembro, do seu nomeamento, que actúa no exercicio do seu cargo e en función das atribucións que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta de Galicia e da súa presidencia.

E doutra, don Julio E. Abalde Alonso, Reitor Magnífico da Universidade da Coruña, con sede na Rúa Maestranza nº 9, 15001 A Coruña (CIF Q6550005J) que actúa en nome e representación desta, no uso das atribucións que lle confire o Decreto 01/2016, de 8 de xaneiro (DOG nº 5 de 11 de xaneiro), do seu nomeamento e polas facultades conferidas pola Lei Orgánica 6/2001, do 21 de decembro, de universidades e o art. 36.1.f dos seus estatutos, aprobados polo Decreto 101/2004, de 13 de maio, da Xunta de Galicia (DOG nº 100 de 26 de maio) modificados polo Decreto 194/2007, de 11 de outubro (DOG nº 201, do 17 de outubro, que outorga ao reitor a facultade para asinar convenios en nome da Universidade da Coruña.

Ambas as dúas partes no nome e representación en que concorren e coa capacidade legal para este acto.

EXPOÑEN

I. Que a Consellería de Política Social, segundo o Decreto 176/2015, do 3 de decembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social, é o departamento da Administración autonómica ao que lle corresponde, de conformidade co Estatuto de Autonomía e coa Constitución, propoñer e executar as directrices xerais do goberno no ámbito do benestar, que engloban, entre outras, as competencias en materia de xuventude, correspondéndolle á Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado (DXXPV), entre outras funcións, a xestión das actuacións en materia de xuventude, así como as políticas xuvenís de carácter interdepartamental e de apoio ao desenvolvemento da actividade xuvenil, o fomento da participación da xuventude na vida social, o seguimento na xestión da Rede galega de información xuvenil e a súa promoción e desenvolvemento e a coordinación das funcións informativas e de documentación dos servizos da Rede galega de información xuvenil.

A dita Consellería de Política Social ten interese en colaborar na promoción de actuacións de difusión da información que faciliten o acceso do alumnado da Universidade da Coruña aos recursos existentes en materia de xuventude, a través da implantación de correspondentes universitarios.

II. A Consellería de Política Social e a Universidade da Coruña están de acordo en facilitar a participación dos/as alumnos/as desta Universidade que o desexen, no programa “Correspondentes Universitarios.”

O chegaren as partes a un acordo e recoñecerse mutua capacidade, outorgan o presente convenio de colaboración conforme as seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto do convenio

O obxecto do presente convenio é establecer a forma e condicións de colaboración entre a Consellería de Política Social e a Universidade da Coruña cara a posta en marcha do programa “Correspondentes Universitarios” entre o seu alumnado.

Segunda. Programa Correspondentes Universitarios

O programa “Correspondentes Universitarios” ten por obxecto difundir a información xerada desde a Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado da Consellería de Política Social entre o alumnado das distintas universidades galegas, favorecendo a participación dos mozos e mozas tanto na elaboración como na difusión da información entre iguais.

Os destinatarios do programa son os/as mozos/as que cursen estudos en calquera das facultades das universidades galegas, nos seus distintos campus.

As funcións dos/as correspondentes universitarios son as seguintes:

- Xestionar un taboleiro informativo no que haberá información sobre temas de interese para a xuventude e difundir a información na/s facultade/s na/s que estudan e/ou nas máis próximas.
- Difundir a información sobre os distintos programas e iniciativas para a xuventude que haxa no portal <https://xuventude.xunta.es> e/ou aquela outra que reciban a través dos medios ao seu alcance: redes sociais, compañeiros da residencia, facultades, institutos, etc., e que sexa de interese para eles.
- Asistir ás reunións de coordinación que se convoquen, así como aos cursos de formación organizados pola DXXPV e destinados aos correspondentes xuvenís.
- Aquelas outras que supoñan a mellora na achega de información á mocidade.

As persoas que actúen como correspondentes universitarios terán, como contrapartida, os seguintes beneficios:

- Recibirán gratuitamente formación en materia de información xuvenil.
- Recibirán gratuitamente o carné xove, o carné internacional e o carné de alberguista durante o ano escolar no que estean como correspondentes.
- Recoñeceráselles a través dun certificado o tempo dedicado como persoas voluntarias, así como a experiencia e competencias adquiridas a través do certificado de educación non formal en materia de xuventude.

Terceira. Compromisos da Consellería de Política Social

A Consellería de Política Social, a través da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, asume os seguintes compromisos:

- Facilitará aos correspondentes universitarios a formación básica en materia de información xuvenil, subministrando a dita formación, así como toda a información en materia de xuventude que sexa de interese para os/as universitarios/as.
- Designará aos profesionais que actuarán como coordinadores do programa. Ditos profesionais informarán, orientarán e asesorarán, individualmente ou en grupo, aos correspondentes universitarios facilitándolle a axuda precisa para participar no programa e na difusión das actuacións do mesmo.
- Facilitaralle a todos/as os correspondentes universitarios os carnés dirixidos á mocidade citados na cláusula segunda, de forma gratuíta.
- Expediralles aos alumnos/as participantes no programa un certificado acreditativo da experiencia e competencias adquiridas dentro do ámbito da educación non formal, e outro como

participante en voluntariado xuvenil, especificando o número de horas.

- Organizará unhas xornadas de formación e orientación dos correspondentes xuvenís de 2º de bacharelato nos campus da Universidade da Coruña.

Cuarta. Compromisos da Universidade da Coruña

A Universidade da Coruña a través da vicerreitoría competente en materia de estudantes asume os seguintes compromisos:

- Seleccionará aos alumnos/as do programa “Correspondentes Universitarios”.
- Expedirá unha certificación aos seus estudantes que acredite a participación no programa “Correspondentes universitarios” para a solicitude de créditos, ata un máximo de 3 ECTS, coa correspondencia de 1 crédito por cada 10 horas, por participación en actividades universitarias.
- Designará titores que coordinarán e orientarán as actividades dos correspondentes universitarios en colaboración cos coordinadores do programa designados pola Consellería.
- Colaborará coa Consellería a través do Servizo de Asesoramento e Promoción do Estudante na organización das xornadas de formación e orientación dos correspondentes xuvenís.

Quinta. Inexistencia de cargas económicas

Este convenio non implica ningunha obriga de carácter económico para ningunha das partes.

Sexta. Protección de datos

A prestación pola Consellería de Política Social das obrigas asumidas ao abeiro deste convenio, fai necesario o seu acceso a datos de carácter persoal de cuxo tratamento é responsable a Universidade da Coruña conforme ao disposto na Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal.

En consecuencia, a Consellería de Política Social, na súa condición de encargada do tratamento de tales datos, e de conformidade co establecido no artigo 12º da Lei orgánica citada, axustarase ao réxime que se establece a continuación: a) tratará os ditos datos de carácter persoal exclusivamente por conta da Universidade da Coruña e conforme ás instrucións desta e ao estipulado neste Convenio; b) non aplicará nin utilizará os referidos datos de carácter persoal con finalidade distinta da prestación do servizo obxecto do convenio nin tampouco os comunicará a terceiros, nin sequera para a súa conservación, salvo nos supostos autorizados ou previstos pola lexislación vixente; c) implementará as medidas de índole técnica e organizativas necesarias que garantan a seguridade dos datos e eviten a súa alteración, perda, tratamento ou acceso non autorizados, habida conta do estado da tecnoloxía, a natureza dos datos obxecto de tratamento e os riscos a que estean expostos, xa proveñan estes da acción humana, do medio físico ou natural. Como mínimo, a Consellería de Política Social adoptará respecto de tales datos as medidas de seguridade que resulten esixibles de conformidade co establecido no Real decreto 1720/2007, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento da Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal; d) unha vez cumprida a prestación do servizo mencionados, a Consellería de Política Social destruírá ou devolverá á Universidade da Coruña os datos tratados, así como tamén calquera soportes ou documentos nos que consten datos obxecto do tratamento, sen prexuízo da conservación pola Consellería de Política Social de tales datos, debidamente bloqueados e nos termos previstos no Real decreto 1720/2007, en tanto puideran derivarse responsabilidades da súa relación coa Universidade da Coruña.

Sétima. *Comisión mixta de control e seguimento*

Constitúese unha comisión mixta de seguimento á que serán sometidas todas as cuestións derivadas do desenvolvemento deste convenio e non contempladas nel e, con carácter previo, aquelas que impliquen desconformidade por algunha das partes asinantes.

A Comisión estará composta, por parte da Universidade da Coruña, polo/a vicerreitor/ra competente en materia de estudantes, ou persoa que designe e polo Adxunto de Participación.

Por parte da Consellería de Política Social, estará composta pola directora xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, ou persoa en quen delegue e por outra persoa designada por esta.

A propia comisión acordará o seu calendario de reunións.

A Comisión terá as seguintes funcións:

- Con carácter xeral, a interpretación e aplicación das cláusulas do presente convenio, así como velar polo seu cumprimento.
- Adoptar ou propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes.
- Establecer criterios de seguimento e avaliación do programa.
- Propoñer, para a súa aprobación polos órganos competentes, addendas ou modificacións do presente convenio.

Oitava. Entrada en vigor e período de vixencia

Este convenio entrará en vigor na data da súa sinatura e a súa vixencia prolongarase ata o final do curso académico 2016-2017. Quedará prorrogado automaticamente por curso académico se non hai denuncia por ningunha de ámbalas partes.

As partes poderán facer denuncia expresa do presente convenio ou de calquera das súas prórrogas con anterioridade ao prazo final de vixencia que para o mesmo se prevé.

Novena. *Causas de resolución do convenio*

Serán causas de resolución do presente convenio as seguintes:

- A renuncia de calquera das partes, formulada por escrito con tres meses de antelación ao remate do presente convenio ou de calquera das súas prórrogas.
- Incumprimento das cláusulas do convenio.
- Mutuo acordo das partes.

Décima. *Modificacións do convenio*

As modificacións formalizaranse mediante addenda, cos mesmos requisitos e condicións que para a aprobación do convenio.

Décimo primeira. *Réxime xurídico*

O presente convenio ten carácter administrativo e rexerase polo establecido nas súas cláusulas e, no seu defecto, polo establecido no Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público para resolver as dúbidas e lagoas que se puideran presentar.

En defecto de acordo entre as partes, as discrepancias xurdidas serán resoltas pola Consellería de Política Social, poñendo os seus acordos fin á vía administrativa, e poderá interpoñerse contra os mesmos recurso contencioso administrativo segundo o disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora desta xurisdición.

Para tales efectos o tribunal competente será o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Non obstante, cando unha das Administracións interpoña recurso contencioso-administrativo contra outra, poderá requirila previamente para que anule ou revogue o acto, faga cesar ou modifique a actuación material, ou inicie a actividade a que estea obrigada, todo elo segundo o disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contenciosa administrativa.

Décimo segunda. *Información, rexistro e consentimento para publicación de datos*

En cumprimento do disposto na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, a Consellería de Política Social informará na súa páxina web oficial da subscrición do presente convenio cos seguintes datos básicos: identificación das partes, importe do financiamento, data da sinatura, finalidade e período de vixencia. A sinatura do convenio leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos e a referida publicidade.

O convenio será rexistrado de acordo co prescrito no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

As partes asinantes do convenio autorizan, así mesmo, que os seus datos persoais e as demais especificación contidas neste convenio poidan ser publicados no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

Este convenio axústase ao disposto na Resolución do 8 de abril de 1991, pola que se fai público o acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares.

En proba de conformidade, asinan o presente convenio, por cuaduplicado exemplar, no mesmo lugar e data que se indica ao comezo.

POLA CONSELLERÍA DE POLÍTICA
SOCIAL
O Conselleiro

POLA UNIVERSIDADE
DA CORUÑA
O Reitor

José Manuel Rey Varela

Julio E. Abalde Alonso